



## Guía Docente

Datos Identificativos				
<b>Asignatura (*)</b>	Programas de Animación Sociocultural	<b>Código</b>	2011/12 652811201	
<b>Titulación</b>				
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
1º e 2º Ciclo	Anual	Segundo	Troncal	5.5
<b>Idioma</b>	CastelánGalego			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Pedagogía e Didáctica			
<b>Coordinación</b>	Pose Porto, Hector Manuel	<b>Correo electrónico</b>	hector.pose@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Pose Porto, Hector Manuel	<b>Correo electrónico</b>	hector.pose@udc.es	
<b>Web</b>	<a href="http://www.udc.es/dep/pdce/CV_Hector.htm">http://www.udc.es/dep/pdce/CV_Hector.htm</a>			
<b>Descrición xeral</b>	Procúrase a adquisición de competencias e habilidades na acción e xestión cultural, dominando a terminoloxía básica e o manexo de ferramentas habituais no deseño e elaboración de programacións socioculturais.			

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Deseñar e desenvolver proxectos, programas, servizos e accións nos diversos ámbitos de traballo socioeducativo.	A15	B17	
Planificar procesos de avaliación e avaliar a calidade de proxectos, programas, servizos e accións nos ámbitos de traballo socioeducativo.	A16		
Coñecer, e saber utilizar as fontes de información.		B1	
Promover a utilización integrada de elementos metodolóxicos para a configuración e o desenvolvemento de programas de ASC.	A10		
Contribuir á capacitación do alumnado na adquisición e no desenvolvemento de capacidades de análise, reflexión, programación e acción sociocultural nas comunidades.			

## Contidos

Temas	Subtemas
<b>BLOQUE I. INTRODUCCIÓN</b>	
Tema 1.- A Animación Sociocultural: análise conceptual, aparición e evolución histórica. O Desenvolvemento Local e a terminoloxía afín.	
Tema 2.- Principais ámbitos de intervención da Animación Sociocultural. Diversas perspectivas.	
<b>BLOQUE II. DESEÑO, PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE PROGRAMAS DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.</b>	
Tema 3.- Deseño e avaliación de proxectos de Animación Sociocultural: as súas fases de elaboración.	
Tema 4.- Os/as animadores socioculturais: a súa profesionalización. Breve achegamento a súa problemática profesional.	
<b>BLOQUE III. A INTERVENCIÓN.</b>	



<p>Tema 5.- Animación Sociocultural e territorio: espazos, recursos e experiencias.</p>	<p>5-1 Acción Sociocultural Local: Propostas organizativas para os municipios.                      5-2 Áreas de intervención. Exemplificacións prácticas.                      5-3 Cidadanía e participación. A promoción da participación social.                      5-4 Aproveitamento sociocultural dos recursos endóxeos: o Patrimonio Cultural como motor de desenvolvemento local.                      5-5 Xestión cultural: artes escénicas e musicais, exposicións...                      5-6 A promoción da creatividade na cidadanía e o apoio aos creadores</p>
---	---

### Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	40	40	80
Estudo de casos	6	6	12
Discusión dirixida	4	0	4
Traballos tutelados	4	15	19
Recensión bibliográfica	0	10	10
Lecturas	0	4	4
Saídas de campo	4	4	8
Portafolios do alumno	0	4	4
Proba de ensaio	2	8	10
Atención personalizada	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

### Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo</p>
Discusión dirixida	<p>Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.</p>



Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquívador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Non será un traballo individual, neste caso. O alumnado deberá desenvolver un traballo en grupo (máximo 4 compoñentes) consistente en realizar unha petición de subvención en base a un proxecto diante dunha administración pública.</p> <p>Para a realización de dito traballo en grupo, todos os compoñentes de cada grupo deberán asistir a un mínimo de titorías co profesor.</p> <p>Prof. Héctor M. Pose            Despacho: PB08            Luns, 18 a 20h.            Mércores, 10-14h.            Téf. 981-167000 ext. 1897            hector@udc.es</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A asistencia e participación activa nas sesións maxistrais será avaliada en positivo. Ao remate de cada sesión, o profesor estimará aquelas intervencións (en término de número e calidade) producidas na aula.	15
Traballos tutelados	Ao momento de pactar o traballo do grupo (deseño...) o profesor dirá os criterios avaliativos	20
Recensión bibliográfica	Valorarase correctamente a recensión do libro acordado ao principio do curso	15
Lecturas	Os documentos que o profesor irá proporcionando ao alumnado estarán a súa disposición no servizo de reprografía ou serán entregados polo propio docente	10
Proba de ensaio	A proba consistirá en preguntas abertas e a desenvolver, nun caso, e noutro, será unha pregunta curta	30
Outros		



Observacións avaliación

Fontes de información				
<table border="1"><tr><td>Bibliografía básica</td><td>- ( ) . .</td></tr><tr><td>Bibliografía complementaria</td><td> </td></tr></table>	Bibliografía básica	- ( ) . .	Bibliografía complementaria	
Bibliografía básica	- ( ) . .			
Bibliografía complementaria				

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías